

Ademais, existen outros aspectos que NEG considera oportuno ter en conta, moi a pesar dos pactos acadados:

- O establecemento de contidos mínimos por parte do Estado nunha porcentaxe do 55% e o 65%, segundo sexan comunidades con lingua propia ou non, implica que se abren maiores posibilidades para a intervención da administración central na fixación do currículo, en detrimento doutros ámbitos de competencia.

- Os cambios introducidos respecto da admisión do alumnado revelan concesións que afectan non só á equidade do sistema na distribución do alumnado senón á propia calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe, ó permitiren aumentar a ratio un 10% no caso de ter que admitir alumnos propostos polas comisións de admisión. Na mesma liña, a ambigüidade sobre as zonas de matriculación indica unha intención clara de rebaixar as esixencias na corresponsabilización das obrigas sociais que atinxen igualmente á rede concertada.

- A LOE tampouco ofrece unha saída satisfactoria ó ensino da relixión. Entendemos que o principio do laicismo debe presidir a intervención educativa no conxunto dos centros educativos públicos e por iso o ensino de calquera fe relixiosa debe permanecer fóra dos horarios académicos ordinarios e xerais. En ningún caso debe dar lugar ao seu cómputo avaliativo nin á presenza de materias alternativas.

- A ausencia de alusións á autonomía curricular, limitada xa polos currícula tan exhaustivos e pechados, debería significar que a lei incorpora esta autonomía a través dos PEC. Sendo positiva a introdución de diferenzas no financiamento en función dos proxectos, tamén deberían de ser tomada en consideración a estes efectos a constatación de dificultades de partida dos centros (pola súa localización, ámbito de actuación, extracción do alumnado, instalacións...).



- Particularmente deficitarias resultan as referencias á avaliación do sistema educativo citando exclusivamente como un dos parámetros a utilizar o rendemento dos estudantes. En liña co que vimos defendendo, debería resaltarse precisamente a introdución de criterios que analicen a situación global dos centros (realidade sociolóxica, organización, implicación no contexto comunitario, recursos dos que dispón...).

- Para finalizar a presente valoración, non debe pasar por alto a necesidade de abordar en profundidade e de xeito consensuado un estatuto docente, que reflecta os solemnes pronunciamentos que se fan na lei sobre este particular. Facendo notar que o esforzo que se lle demanda ó profesorado na lei debe ter unha correspondencia apreciable nas condicións de traballo. Neste sentido pensamos que se deberían contemplar avances máis substanciais cós que se apuntan no primeiro acordo básico entre o MEC e algunhas organizacións sindicais, e procurar a incorporación de todas as organizacións, moi especialmente as de ámbito galego.

Decembro do 2005



Sobre a Lei de Ordenación Educativa

NOVA ESCOLA GALEGA quere facer chegar á comunidade educativa e ó conxunto da sociedade a súa posición sobre os termos do debate político nos que se enmarcou o proceso de discusión e tramitación parlamentaria da Lei de Ordenación Educativa, así como sobre os aspectos máis salientables desta nova reforma educativa.

Sobre as formulacións do debate político

O debate social sobre a nova lei educativa tense realizado nun contexto de forte confrontación política no que a dereita social, relixiosa e política exhibiu unha eficaz capacidade de mobilización, promovendo interpretacións interesadas e falsas das modificacións lexislativas, e xerando alarmas infundadas, nalgúns sectores, coa finalidade de evitar a asunción das responsabilidades sociais que lles corresponden.

Neste demagóxico debate mesturáronse argumentos baseados en apresuradas diagnoses, medias verdades, utilización interesada de estatísticas e de comparacións improcedentes con outros países, administrado todo de xeito tendencioso con consignas sobre "a caída do nivel", "a crise de disciplina" ou a necesidade de atallar o fracaso escolar con drásticas medidas de segregación do alumnado.

A pesar de que tras paralizar a implantación da LOCE o novo goberno socialista tentou promover un certo debate social arredor dos retos ós que debe dar resposta o sistema educativo, mediante a difusión do documento "Por una educación de calidad para todos y entre todos", é preciso recoñecer que ese debate non tivo a repercusión social necesaria para que as formulacións relacionadas coa defensa do modelo de escola pública, laica e de calidade propiciada polas organizacións máis progresistas, contaran coa suficiente "visibilidade" e capacidade de contrarrestar a ofensiva conservadora.

Certamente, desde o noso punto de vista, ó goberno faltoulle convicción nas propostas de corte máis avanzado, e liderado para ordenar o debate. Así as cousas acabouse falando, case en exclusiva, daquilo que á dereita lle interesou: a defensa de determinados privilexios no control da rede privada e concertada, e o seu modelo de ensino de "calidade".

Cómpre recoñecer que o cansazo provocado polas sucesivas reformas e contrarreformas educativas emprendidas nos últimos vinte anos contribuíu a configurar un estado de opinión bastante xeneralizado tendente a reclamar un pacto de estado sobre educación que preserve certos aspectos do sistema educativo dos cambios políticos.

Sen cuestionar os beneficios que se derivan de dotar de maior estabilidade ó sistema escolar, convén recordar que as reformas educativas anteriores, e nomeadamente a LOCE e a LOU, non poden considerarse como un exercicio de ningunha caste de consenso entre posicións discrepantes. Neste senso entendemos que demandar o consenso exclusivamente cando a responsabilidade política é dos demais supón, ademais dunha mostra de cinismo político, a imposibilidade de desenvolver, na práctica, políticas nitidamente transformadoras. En troques, en democracia resulta indiscutible a lexitimidade dos gobernantes para desenvolver aquel proxecto político para o que foron elixidos.

Finalmente, a aprobación da LOE veu precedida dun pacto acadado entre a maioría das forzas políticas, excluído o PP, e unha parte dos sectores e organizacións conservadoras.

Pacto que se presentou nos medios como o gran acordo capaz de outorgarlle ó sistema educativo a estabilidade precisa, cando menos en asuntos de gran transcendencia, como o son aqueles relacionados coa contribución das dúas redes educativas á cohesión social.

Nova Escola Galega entende que, tocante a este punto, algunhas das modificacións das propostas iniciais introducidas a partir dos anteditos acordos réstanlle credibilidade á pretendida aposta desta lei e dos seus impulsores na defensa dun ensino público e de calidade. Para dicilo con claridade: é, unha vez máis, unha oportunidade histórica perdida na procura dun modelo educativo ó servizo dunha maior equidade social.



Sen ánimo de abundar nunca visión catastrofista doutro signo, preocúpanos de xeito importante o risco de fractura e de conflito social que se pode producir coa consolidación dun sistema educativo dual, se se consagran as cesións ás demandas dos sectores sociais máis conservadores.

Para NEG, os termos do debate suscitado representan a perda dunha oportunidade para considerar con honestidade e coa lexitimidade das diferentes posicións ideolóxicas, os logros e as insuficiencias do sistema educativo actual e as oportunidades e riscos da súa reforma. Neste contexto, cómpre recoñecer que a falta dunha resposta suficientemente visible, sólida e articulada das organizacións progresistas ante a ofensiva da dereita impediu a necesaria reorientación das análises e propostas.

Consonte con esta primeira diagnose, Nova Escola Galega entende que traballar de maneira responsable pola defensa dun modelo de ensino público de calidade, esixe o esforzo de todos e todas para tentar reflexionar sobre a escola que queremos. A estes efectos ofrecemos a nosa visión sobre as luces e as sombras que presentan, nalgúns ámbitos, as propostas contidas na LOE.

Sobre a LOE


Diante do anteproxecto da nova reforma, Nova Escola Galega valorou positivamente os cambios respecto á LOCE, naqueles aspectos que se poden identificar cun modelo educativo de maior acento democrático, participativo e público, baseado nos principios da educación comprensiva. Ó mesmo tempo denunciámos a falta de decisión política para efectuar cambios máis profundos na política educativa,

As insuficiencias da LOE, logo dos pactos acadados cos sectores conservadores, resultan máis evidentes. Non só se consegue eludir unha revisión en profundidade do conxunto da política educativa, evitando así unha resposta máis esixente ó binomio calidade-equidade social, senón que os pasos dados comprometen o sistema educativo nun camiño claro de consolidación do modelo de educación liberal, non emancipador, nin socialmente transformador.



Con todo, e desde a perspectiva de achegar elementos de análise que entendemos que non foron suficientemente proxectados para a reflexión, sinalamos unha serie de aspectos que, aínda percibíndose como avances respecto de situacións anteriores, requiren introducir certas cautelas en relación ó seu desenvolvemento. Así, destacamos:

- 1.- A recuperación da Educación Infantil como etapa educativa, que debe ir necesariamente acompañada da máis esixente intervención pública na ampliación da rede escolar, manifestándonos en contra da extensión da política de privatización dos concertos.
- 2.- O control e a limitación no uso das medidas de repetición de curso, fomentando as medidas de apoio escolar.
- 3.- A eliminación de itinerarios na ESO, en virtude dunha estratexia máis nítida de educación compensatoria, da operativización dos programas de diversificación curricular e da responsabilidade institucional e social máis ampla.



4.- A redución de materias no primeiro ciclo da ESO, que ó noso xuízo debería ir acompañada de maiores modificacións, na liña da promover cambios na definición de todos e cada un dos plans de estudos e currículo, desde as perspectivas da adquisición de competencias formativas básicas, da educación integral, da resposta ás necesidades de comprensión e interpretación da sociedade actual, da globalización e da interdisciplinariedade, e da promoción democrática dos espazos socio-culturais e lingüísticos con identidade propia, como o galego.

5.- A proposta de creación de comisións de garantías para a escolarización, con alcance ó conxunto dos centros de educación públicos e concertados; rexeitamos as limitacións ó seu funcionamento introducidas como resultado da negociación coas organizacións responsables da privada-concertada.



Alármannos as alusións a respecto da revisión da política de concertación, e os engadidos e melloras tocante á rede concertada, de xeito que se acepta o seu carácter complementario, que non subsidiario, da rede pública, contribuíndo á consolidación dun sistema educativo dual asentado na desconsideración da escola pública. Na mesma liña cómpre denunciar o silencio e case ausencia de control en relación ós centros privados non concertados, que representan a manifestación do maior exercicio de selectividade social a través da educación.

6.- Sendo apreciable o esforzo preventivo do fracaso que se pretende desenvolver na educación primaria, non se discute -e polo tanto pode interpretarse que se dá por boa- unha análise falseada da situación, manipulada polo anterior goberno.

7.- A avaliación diagnóstica prevista ó finalizar o 2º ciclo de primaria e 2º curso da ESO, pois pon enriba da mesa a responsabilidade institucional do fracaso e somete ós centros á necesaria reflexión sobre os resultados. Salvaguardar esta perspectiva require evitar expresamente nos desenvolvementos legislativos posteriores un labor de comparación, imposible e inxusta a todas luces, entre centros, correndo o risco de condicionar o currículo, de propiciar a competitividade entre eles e de actuar como mecanismo selectivo do alumnado. Lémbrese o acontecido cos resultados da controvertida avaliación realizada na Comunidade de Madrid. Esta avaliación non debe ser realizada á marxe da autoavaliación do centro, e debe ter en conta as causas das posibles deficiencias e os medios dispostos.



8.- O impulso proposto da autonomía organizativa dos centros públicos, co reforzo do papel do Consello escolar e do Claustro na elección dos órganos directivos unipersoais; que deberá ir acompañado do apoio institucional específico, en particular nos PEC que pretendan unha maior implicación en proxectos de educación compensatoria, de escolarización de alumnado con necesidades específicas e de promoción da cultura e da lingua galega.

9.- A organización do profesorado en equipos de nivel na educación secundaria, medida que repercutirá de xeito moi notable nos horarios e nas funcións a desempeñar, conducindo a reforzar a titoría e a reclamar a existencia de tempos comúns para o profesorado dun mesmo nivel; isto, unido á redución do número de profesores por grupo, fará das iniciativas de posta en marcha que fagan as administracións educativas a pedra de toque destas propostas.

10.- O esforzo pola integración das TIC, que debería considerarse máis aló do seu carácter instrumental, facéndose necesario "alfabetizar", introducindo os rudimentos de comprensión e análise da linguaxe audiovisual.

11.- É destacable o aumento da dotación orzamentaria destinada á aplicación da reforma xunto co compromiso de equiparar o gasto educativo á media europea, aínda que estea excesivamente demorado no tempo.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

